

**Datos do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/188/2019	TES14I0QI
1Y6V6T0R511V360N1EA9	

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesoureira municipal (TES14I0QH) do 08.09.2020 que transcrito literalmente di:” **INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA ASUNTO.- MODIFICACIÓN DO CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2020 (SEGUNDA MODIFICACIÓN)**.

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe:

Antecedentes

-Informe do 04.08.2020 asinado por Dona Marina Sueiras Rodríguez (administradora xerente do Padroado de Deportes).

Normativa

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación
- Lei 58/2003,17 de decembro , Xeral Tributaria.
- Demais normativa concordante.

Informe:

Primeiro.- O calendario fiscal do contribuínte do 2020 foi aprobado por resolución o 17.12.2019 sendo obxeto de publicación no BOP do 23.12.2019
Posteriormente, foi obxeto dunha primeira modificación aprobada o 15.05.2020 cuxa publicación se produciu no BOP do 22.05.2020.

Segundo.- Dáse traslado a esta Tesourería do informe da Administradora Xerente do Padroado de deportes no que se exponen as dificultades técnicas para someter ao cobro as taxas pola utilización de instalacións deportivas dos meses de setembro e sucesivos nos periodos que figuran definidos no calendario fiscal aprobado o 17.12.2019.Polas circunstancias ás que se fai referencia no citado informe, e que por razóns de economía non son novamente reproducidas, faise necesario definir uns novos periodos cobratorios dos padróns fiscais das taxas pola utilización de instalacións deportivas (actividades e alugueres de instalacións) dos meses de setembro e outubro, trasladando, asemade, o periodo de cobro dos padróns do mes de novembro ao exercizo seguinte, coa conseguinte modificación do calendario fiscal do exercizo 2020.

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de Facenda a adopción do seguinte acordo:
1º.- A aprobación da segunda modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 conforme se indica de seguido :

CONCEPTO	EXERCIZO E PERIODO	PERIODO VOLUNTARIO INGRESO	DATA CARGO DOMICILIACIÓNS
----------	--------------------	----------------------------	---------------------------



TAXA ALUGUER INSTALAC. DEPORTIVAS	2020/SETEMBRO	05/11/2020-05/01/2021	1º día do periodo impositivo
TAXA ALUGUER INSTALAC. DEPORTIVAS	2020/OUTUBRO	03/12/2020-03/02/2021	1º día do periodo impositivo
TAXA ACTIVIDADES DEPORTIVAS	2020/OUTUBRO	03/12/2020-03/02/2021	1º día do periodo impositivo

As listas cobratorias correspondentes aos padróns fiscais da taxa por aluguer de instalacións deportivas e actividades deportivas do mes de novembro/2020 non se someterán ao cobro ata o exercizo 2021 incluíndose no calendario fiscal de dito exercizo.

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

3º.- A modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación. “

Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)